

SINOPSE DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

No verán... un conto

María Victoria Moreno, unha historia de amor
Carola, a carteira centola
Periplo atlántico
O debuxante de soños contra a mala sorte

(Polo correo do vento)

Cada actividade dos *Contos Ilustrados* divídese en tres bloques nos cales desenvolvemos unha temática didáctica de xeito lúdico.

Primeiramente, Enrique argallarará unha historia de xeito oral, namentres Carlos debuxará un mural *in situ*, relacionado ao conto. Despois, espallarémonos o seu contido a través dunha rolda de prensa para animarvos a participar con nós os dous.

Para rematar, entre todas e todos, debuxaremos unha personaxe do conto, guiados por Carlos, pasiño a pasiño, e o máis importante: sen medo ningún!

A música da auga (Anxo Moure e Servando Barreiro)

O músico Servando Barreiro e o contacontos Anxo Moure despois de percorrer o país galego coa “Música das árbores” encetan este ano unha nova viaxe de animación á defensa da natureza divulgando o valor da auga para o coidado de ríos, fontes, lagoas, fervezas e mares.

Vestidos de Xacios (persoaxes máxicos de río, metade peixe, metade humanos) coa música do acordeón e arrastrando unha espectacular gamela de madeira rodante con vela e temón (na que se poden sentar e pasear as nenas e nenos) fan paradas en prazas e parques para contar e cantar historias que coidan a auga. Contos de xacias, de homes peixe, contos de lontras, e polviños; contos da chuvia e das fontes que divulgan a riqueza dos ecosistemas fluviais e marítimos e, asemade, propoñen hábitos para o seu coidado.

A xogar, cantar e bailar (Cé, Orquestra Pantasma)

Cé orquestra no seu espectáculo para nenos e nenas a partir de 3 anos leva á xente miúda a límites imprevisibles chegando a lograr na súa actuación a éxtase infantil, dando renda solta a participación total das cativas e converténdose elas nas auténticas

protagonistas do espectáculo.

O divertimento está garantido grazas a un repertorio composto por melodías, xogos musicais e cantigas de diferente tipo: acumulativas, xestuais, imitación, creativas, danzadas... para que participen xogando, cantando e bailando todo o que lles pete... ata caer de cu!!!

Travesías (Raquel Queizás)

Raquel Queizás
TRAVESÍAS
Aventuras de libro



'Para viaxar lonxe, non hai mellor nave que un libro'

Emily Dickinson

Agardan por nós viaxes cheas de aventuras nas que coñeceremos a nenas e mulleres bravas que loitaron contra os prexuízos para conseguir os seus soños.

Ata fai moi pouco tempo os contos infantís reflectían un mundo onde os mozos eran sempre os heroes que salvaban a unha débil princesa. E case nunca aparecían mozas decididas e resoltas. Pero agora podemos contar con contos que transmiten valores de igualdade, de respecto e convivencia entre nenas e nenos e entre mulleres e homes.

Mudemos o conto!

Canta forte, conta piano (Silvia Penas e Susana Otero)

Neste proxecto reunimos tres historias: o conto popular "O caldo de pedra", o conto rimado de Xosé María Álvarez Cákamo *Dinosaurio Belisario* e o conto do rato poeta *Frederick* de Leo Lioni, acompañado este último de textos poéticos para público infantil dos/as autores/as galegos/as Elvira Ribeiro, Fran Alonso, X.M.A. Cákamo e a portuguesa Matilde Rosa Araújo.



Os textos son contados e interpretados mentres o piano realiza unha ilustración sonora dos ambientes, dos personaxes e das accións. Lévanos á tonalidade grave do poder de Belisario, e á melodía doce do ollar de Frederick. Intríganos co seguinte ingrediente do caldo de pedra.

1. “O caldo de pedra” pon de relevo a maneira de reaccionar dos seres humanos fronte á escaseza e a desesperación dos demais.

2. *Dinosaurio Belisario* é un conto con ritmo e rima que reforza valores coma o compañeirismo, a solidariedade e a amizade, así coma o poder da palabra. Ten unha canción final para cantar en conxunto acompañados/as do piano.

3. Frederick é un rato nugallán, que durante o verán pasa as horas ollando o horizonte, mentres a súa familia traballa arreo. Cando chega o frío e a chuvia e xa non queda comida...

É unha historia que salienta a importancia da imaxinación, da palabra e da poesía nas nosas vidas.

Eira Xandobeira (Xandobela)

A *Eira Xandobeira* é unha ludoteca itinerante composta por unha colección de xogos para todas as idades elaborados artesanalmente e inspirados en xogos tradicionais de épocas e lugares diversos que sempre está lista para ir a onde for chamada e haxa ganas de xogar e de pasalo ben: xogos lingüísticos, de gran formato, de precisión, de lanzamento, de habilidade, de enxeño, de cooperación... sen necesidade de pilas, plásticos ou luces de neón para xogar na nosa lingua.

Fábulas

O traxe novo do rei

Sabela e o paxaro máxico

(Tarabelos)

Fábulas

Un conto sempre ten necesidade de ser compartido. Espazo aberto onde todos/as podemos vernos cara a cara para contar e vivir os contos, xuntos e revoltos.

Imaxinades unha xuntanza de corvos vellos? Cheos de experiencias que contar, case nunca falan de si mesmos; pero moito lles gusta falar dos outros animais.

O traxe novo do rei

Un traxe especial, para un rei especial. Aquel traxe novo e máxico que prometía ser un capricho inigualable, e unha ferramenta perfecta para saber o nivel de intelixencia de calquera habitante da corte, pero... podería ser certo?, funcionaría?. Dalgún xeito si, pero non como el o esperaba.

Sabela e o paxaro máxico

Unha pequena nena que ten que aturar os caprichos da súa xefa, un paxariño fantástico



que sempre está disposto a axudala, un mago malvado, un outro cheirento, un príncipe desaparecido, uns reis preocupados...
E todo isto cheirando a perfume?
Non pode ser!

A pita amarela e a estrela salgadiña (Mai Lúa)

A pita amarela e a estrela salgadiña son moi diferentes ao resto das súas compañeiras por iso cando as dúas se encontran fanse moi amigas e viven fantásticas aventuras nun bosque moi particular.

Xarope de contos (Contofadas-alumnado do CIOV)

Os contos cocíñanse todos os días. Son pequenos inzos de maxia como as tardes de sol. Destapan sorrisos, dan enerxía e permítennos vivir grandes aventuras. Nós, as sete fadas do Norte, da terra, do bosque, do mar, do vento, do ar e do Sur, estamos argallando sorpresas na lareira.
Serás quen de destapar o noso tarro de contos?
Recoñecerás ao instante as emocións, gañarás folgos para xogar e o máis importante, cargarás nas túas maletas moita ilusión.
Os nosos petiscos xa están na liña de saída. Agardámoste!

Bailar nas nubes (Soledad Felloza)

Unha nena soña con bailar coas nubes, pero a súa casa está pegadiña a terra e moi lonxe do ceo!
Só a axuda da nova veciñanza fará que o soño sexa unha realidade.
Veciños/as diferentes, chegados de lonxanas terras, co corazón ferido, o namorado, o pechado baixo sete chaves, abrirán as mans e as nubes, bailarán con todos e todas.

Espectáculo inspirado no libro de Vanina Starkoff de Editorial kalandraka. Unha viaxe poética e visual para chegar a bailar coas nubes. No espectáculo cóntase a historia (creación libre) de cada unha das casas, das persoas que fan posible o soño. Porque a historia de cada de nós é unha tea feita dos fíos da memoria de todos/as.

Un sombreiro cheo de contos (Miguel Anxo Alonso Diz)

- Un sombreiro pode ter voz?
- Sen dúbida. Só hai que elixir a cabeza adecuada.

Pakolas en concerto (Pakolas Gominolas)

Pakolas guíaranos coa súa forma interpretativa e o seu humor por todo un universo musical, a través da súa voz e tocando a guitarra. Neste espectáculo individual creado

polo propio autor, no que a interacción coas nenas e nenos fainos partícipes, a animación, as súas caracterizacións e a súa música son o principal atractivo para o público.

4 (Catro) (Ernesto Is)

É un espectáculo de narración oral con obxectos baseado na figura do poeta e mariño rianxeiro Manuel Antonio (1900-1930).

Tomando como referente de partida o seu libro de poemas *De catro a catro*, o propio Manuel Antonio compartirá connosco as historias e recordos das súas increíbles travesías en barco ao tempo que nos sensibilizará no coidado e protección dos nosos mares e ás criaturas que neles habitan, porque a alga é a alma de Galicia.

Estades preparados para embarcarvos nesta viaxe xunto a un dos imaxinarios literarios máis fermosos da lingua galega?

Naveguemos xuntos proa ao vento!

Este espectáculo elabora a súa dramaturxia a partir de poemas e feitos destacables da biografía do poeta Manuel Antonio. Nel mestúranse cancións, contos e lendas populares con outras historias elaboradas a partir dos materiais anteriormente citados.

Regueifada (Josinho da Teixeira e alumnado do CIOV) para público adulto

Son competicións cantadas en verso entre dous ou máis improvisadores/as. As situacións destas cantigas de desafío son variadas, pero todas pertencen ao ámbito da festa.

Case sempre que un cantador ou cantadora botaba unha cantiga obtiña unha ou máis respostas das outras persoas, que debía volver responder; é dicir, era como unha conversación cantada en verso.

Do simple diálogo era doado e frecuente pasar a unha discusión cantada, a unha regueifada entre as persoas participantes, o que daba aínda máis dinamismo a unha xuntanza.